



DEPARTAMENTO DE FRANCÉS SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

1. **Alumno** : Neste departamento só hai un alumno pendente de 1º de ESO cuxa entrega de material é imprescindible para superar a materia.
2. **Criterios de Avaliación:** tres bloques de exercicios/actividades de aproximadamente 20 páxinas por ambos lados cada un correspondente a cada avaliación.

Na Programación Didáctica nos parágrafos que se tanto o parágrafo 19 como o 20 fan referencia ao seguimento de pendentes e á avaliación positiva da materia pendente de cursos académicos anteriores. Concretamente, no parágrafo 20, está recollido:

- c) Por último e para que non haxa ningunha dúbida, de forma extraordinaria este curso, os dous alumnos con *FSLE* pendentes de 1º de ESO, deberán realizar **obrigatoriamente** os 3 bloques de tarefas que o departamento lle proporcione.
 - O venres día 17 de xaneiro terán que entregar os 2 primeiros bloques de actividades, no departamento de francés, que terán un valor de **65%** sobre a nota total.
 - O venres 17 de abril deberán entregar o terceiro bloque de exercicios, no departamento de francés, que terá un valor de **35%** sobre a nota total.



Para superar a materia é necesario entregar os 3 bloques, na data e hora indicada, con todas as actividades realizadas (non pode haber exercicios en branco). Se un alumno/a aproba os 2 primeiros bloques pero non entrega o terceiro, automaticamente terá que presentarse a proba extraordinaria de setembro para alumnos/as coa materia de *FSLE* non superada.

3. **Recollida do material para a recuperación da materia pendente:** os traballos fóronlle entregados en man no mes de outubro, pola xefa de departamento, ao único alumno que amosou o seu desexo de superar a materia de *FSLE* de 1º ESO. Polo tanto, entregadas xa, polo alumno, as dúas primeiras partes, como se lle indicou, a terceira está na súa posesión á espera de ser entregada.
4. **Datas de entrega:** O 17 de xaneiro tal como figuraba nas instrucións, o alumno fixo entrega dos dous primeiros bloques de exercicios/actividades que lle foran entregados. Ambos foron avaliados cunha moi boa cualificación.

O 17 de abril, tería que ter feito entrega do terceiro bloque para así poder superar a materia, xa que se non o fai (figura nas instrucións e na programación), a materia daríase por non superada. Aínda que no seguimento que se lle estivo facendo semellaba estar traballando no último bloque.



Dadas as circunstancias actuais, a xefa de departamento remitiulle o seguinte correo con acuse de recibo (que xa recibiu) e alta prioridade; así mesmo reenviúuselle o mesmo correo tamén con acuse de recibo e alta prioridade, simplemente engadíndolle a palabra “importante” con moito maior tamaño que o resto do texto en vermello e resaltada en amarelo :

Estimado -----:

Dada a situación pola que estamos pasando, non che puiden recoller a última parte do traballo que tiñas que presentar para aprobar a pendente de 1º ESO (Francés Segunda Lingua Estranxeira).

A este respecto é preciso que acordemos unha data na que a ambos nos sexa posible desprazarnos ao Centro para que poidas realizar a súa entrega para a súa posterior corrección e puntuación pola miña parte.

É fundamental que me fagas entrega da mesma dado que se corresponde coa terceira e última avaliación de 1º de ESO e aínda que nas dúas primeiras teñas boa nota, se non entregas a terceira, a materia queda sen superar, tal e como se apunta na Programación Didáctica no apartado de pendentes.

Espero que esteas ben e sobre todo que esteas traballando.

Un saúdo. Forza e ánimo.

María González

(Xefa do Departamento de Francés)

P.D. **Non esquezas poñerte en contacto comigo para darme unha data, é importante, sobre todo para ti.**

Polo tanto, no momento actual Departamento está á espera dunha resposta por parte do alumno.

María González (Xefa do Departamento de FSLE)